



Gipsy jazz, swing americano ou be-pop conflúen en 'Perfect Match!', o novo álbum do guitarrista David Regueiro que se publica este venres 24

O músico ourensán, autor de todos os temas, inclúe pezas dedicadas á Casa das Crechas ou mesmo o pulpo á feira, un dos platos estrela da gastronomía galega

O disco conta coa colaboración do violinista belga Alexandre Cavaliere, un dos intérpretes máis prestixiosos a nivel internacional do jazz manouche

Na canle de Youtube de David Regueiro xa está dispoñible un novo vídeo da grabación do disco, no que o cuarteto interpreta 'The Seagull and the Frog'



Alexandre Cavaliere, David Regueiro, Juyma Estévez e Gonçalo Mendoça

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2023.- O guitarrista de gipsy jazz **David Regueiro** vén de publicar nas principais plataformas dixitais **'Perfect Match!'**, o seu novo traballo discográfico. Un álbum con sete cortes, compostos polo propio Regueiro, nos que o guitarrista dá liberdade e deixa fluír as distintas influencias da súa traxectoria acompañado polo seu trío, no que participan Juyma Estévez e Gonçalo Mendoça, e polo violinista belga Alexandre Cavaliere, **unha das figuras**



máis relevantes, a nivel internacional, do jazz manouche, e con quen Regueiro coincidiu na última edición do festival Jazz de Ría, celebrado en agosto de 2022 na Costa Ártabra.

“En ‘Perfect Macht!’ hai temas que son 100% gipsy jazz, pero outros escapan máis deste estilo”, expón o guitarrista. Así, no álbum conviven as influencias do jazz manouche, o swing, o jazz americano, o be-pop, o rock ou a música clásica, mais tamén as vivencias deste ourensán afincado en Santiago, e que se deixan entrever en temas como ‘**Crechas Swing**’, unha peza “100% manouche” inspirada no mítico local compostelán Casa das Crechas, na que Regueiro organiza unha jam session mensual; ou ‘**Octopus Blues**’, unha peza “máis gamberra”, tal e como apunta Regueiro, e que toma como referencia un dos pratos estrela da gastronomía galega: o pulpo á feira.

Entre as novas composicións de Regueiro, atópanse ‘**Elsa**’, peza que dedica á súa nai e que conta “cun aire pouco escoitado neste ámbito estilístico”; ‘**Tone it down turn it up!**’, un swing inspirado na música de big band americana dos anos 30; ‘**Lisboa Rhythm**’, dedicado á escena portuguesa na que se introduciu da man do seu compañeiro guitarrista Gonçalo Mendoça; e ‘**The Seagull and the Frog**’, tema do que xusto [estrea este mesmo venres 24, na súa canle de Youtube, unha peza audiovisual](#). Finalmente, entre as sete pistas de ‘Perfect Match!’ hai unha que o público reconecerá de ‘Areal’, o seu anterior traballo discográfico: trátase do ‘**Bolero desesperado**’ que se recupera desta quenda, con arranxos do propio Regueiro, para incorporar precisamente o violín de Cavaliere.

DAVID REGUEIRO

David Regueiro leva toda a vida dedicado ao jazz. A día de hoxe, é un dos intérpretes e compositores con maior proxección a nivel ibérico da **escena do gipsy jazz**, tamén coñecido como jazz manouche, o estilo que agromou da guitarra de Django Reinhardt e no que Regueiro desenvolve a súa voz propia ao incorporar **influencias do swing americano ou do be-pop**. Na súa traxectoria conviven máis dunha ducia de traballos discográficos de proxectos propios (‘Areal’, ‘O Camiño’) e colaboracións; así como numerosas participacións en festivais de toda Europa.

David Regueiro lidera un trío no que se acompaña de de Juyma Estévez no contrabaixo e de Gonçalo Mendoça á guitarra rítmica. Nesta ocasión, a formación transfórmase nun cuarteto para acoller, coas composicións propias de Regueiro, a un dos máis virtuosos violinistas do mundo deste estilo: o belga Alexandre Cavaliere. Para máis información sobre David Regueiro e a súa discografía pódese visitar a súa páxina web oficial, www.davidregueiro.gal.



Contacto de prensa David Regueiro

The Office Comunicación

Lucía Pita - 675 404 321

Luisa Castiñeira - 620 113 155

prensa@theofficeco.es

Descarga o [kit de prensa](#) de David Regueiro

Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Luneda Produccións

Aitana Cuétara - 646 165 044

aitana@luneda.gal